

CONCEPTOS BÁSICOS DE ESTRUCTURA ECONÓMICA

Actividade económica e crecemento

- **Produto Interior Bruto (PIB):** fluxo de bens e servizos finais producidos nunha economía nun ano, valorado en unidades monetarias.
- **Produto Nacional Bruto (PNB):** fluxo de bens e servizos finais producidos polos axentes residentes nun territorio nun ano, valorado en unidades monetarias.
- **Formación Bruta de Capital (FBC):** inclúe o valor dos bens duradoiros adquiridos polas unidades residentes para ser empregados nos procesos produtivos, a variación de existencias e a adquisición neta de obxectos valiosos.
- **PIB dende a perspectiva da demanda:** suma de consumo final (individual e colectivo), formación bruta de capital e exportacións netas (X-M).
- **PIB dende a perspectiva da oferta:** suma dos valores engadidos (producción menos consumos intermedios) de todas as actividades económicas.
- **PIB dende a perspectiva da renda:** suma das rendas (remuneración de asalariados, excedente bruto de explotación e rendas mixtas) xeradas no interior dun país como resultado das actividades produtivas.
- **PIB per cápita (PIBpc):** cociente entre o PIB e a poboación dunha economía.
- **Inflación:** incremento xeral do nivel de prezos nunha economía nun período de tempo.
- **Deflación:** baixada xeneralizada do nivel de prezos dunha economía durante, como mínimo, dous semestres continuados. Tamén se pode referir ao proceso de conversión dunha magnitude económica expresada en termos correntes (valor monetario a prezos de cada ano) ao seu valor expresado en termos reais (valor monetario a prezos dun ano base).
- **Converxencia real:** Proceso caracterizado pola redución das disparidades no crecemento económico entre países ou rexións.

Desenvolvemento e sustentabilidade

- **Desenvolvemento económico:** proceso polo que os países ou rexións crean riqueza, promovendo o crecemento económico e o nivel de vida (material) dos seus habitantes.
- **Desenvolvemento humano:** proceso socioeconómico que promove o desenvolvemento potencial das persoas, do aumento das súas posibilidades e do gozo da liberdade.
- **Índice de Desenvolvemento Humano (IDH):** indicador sintético do desenvolvemento humano, que inclúe tres dimensións: saúde, educación e ingresos.
- **Desenvolvemento sustentable:** progreso económico que satisfai as necesidades das xeracións presentes sen comprometer as das xeracións futuras.
- **Desenvolvemento endóxeno:** capacidade dun territorio para desenvolverse e cohesionarse economicamente utilizando os seus propios recursos de forma coherente.
- **Débeda externa:** suma da débeda pública e privada que contraen os residentes dun país con axentes e entidades estranxeiras.

Demografía

- **Taxa de natalidade:** número de nacementos no ano por cada 1000 habitantes.
- **Taxa de mortalidade:** número de defuncións no ano por cada 1000 habitantes.
- **Crecemento vexetativo:** diferenza entre nacementos e defuncións durante un ano.
- **Esperanza de vida:** estimación da media de anos que vivirá un grupo de persoas nadas o mesmo ano se a taxa de mortalidade se mantivese constante.
- **Saldo migratorio:** diferenza entre o total de inmigrantes e o total de emigrantes.
- **Crecemento demográfico:** crecemento vexetativo + saldo migratorio.

Mercado de traballo

- **Poboación activa:** abrangue todas as persoas de 16 e máis anos clasificadas como ocupadas ou paradas.
- **Taxa de actividade:** cociente entre o número de activos e a poboación de 16 e máis anos.
- **Poboación ocupada:** as persoas de 16 e máis anos que teñen un traballo por conta allea ou exercen unha actividade por conta propia.
- **Taxa de ocupación:** porcentaxe das persoas ocupadas sobre a poboación en idade laboral.
- **Poboación parada:** persoas de 16 ou máis anos que están sen traballo, na procura de traballo e dispoñibles para traballar.
- **Taxa de paro:** cociente entre o número de parados e o de activos.

Sector público

- **Ingresos públicos:** conxunto de recursos recibidos polo sector público mediante o cobro de impostos, taxas, transferencias ou venda de propiedades públicas, entre outras fontes.
- **Impostos:** tributos esixidos sen contraprestación directa.
- **Gastos públicos:** conxunto de recursos que emprega o sector público para poder cumprir coas súas funcións e que se destinan ao consumo, investimentos, transferencias ou gastos financeiros.
- **Orzamento:** cadro contable sistemático no que se recollen as previsións de gastos e ingresos durante un período de tempo determinado, normalmente un ano.
- **Déficit público:** situación orzamentaria na que os ingresos públicos non financeiros son menores que os gastos públicos non financeiros.
- **Débeda pública:** conxunto de obrigas de pagamento contraídas polo sector público, derivadas duns ingresos públicos menores que os gastos públicos.
- **Ben público:** ben/servizo que se caracteriza porque o seu consumo é non rival (os cidadáns poden gozar dese ben simultaneamente, sen mingua da súa utilidade) e non excluínte (non é posible excluír do seu consumo a aqueles que non paguen un prezo pola súa utilización).
- **Externalidade:** efecto (positivo ou negativo) que produce un axente económico noutro e que non queda reflectido nas transaccións de mercado.
- **Redistribución:** función pública que modifica o resultado da remuneración dos factores produtivos ou do patrimonio derivado dos mecanismos de mercado.
- **Estabilización:** función pública encamiñada a manter uns niveis de emprego, crecemento económico e estabilidade financeira aceptables socialmente.
- **Regulación:** función pública encamiñada a ordenar unha actividade, establecendo normas ou impondo límites coa finalidade de solucionar problemas de mercado ou conseguir obxectivos de política social ou ambiental, entre outros.

Sector exterior

- **Globalización (ou mundialización):** proceso multidimensional caracterizado polo aumento dos fluxos económicos e financeiros a nivel internacional, tendendo á formación dun mercado global.
- **Integración económica:** proceso mediante o cal dous ou máis países eliminan gradualmente as barreiras económicas existentes entre eles co obxecto de facilitaren as súas transaccións económicas.
- **Acordo preferencial:** forma máis simple de integración económica consistente na eliminación non recíproca de barreiras.
- **Zona de libre comercio:** forma de integración económica pola cal dous ou máis países eliminan as barreiras arancelarias e as restricións cuantitativas ao comercio entre eles, pero mantendo cada país as súas propias barreiras comerciais fronte a outros países.



- **Unión alfandegaria:** forma de integración económica que supón eliminar as barreiras arancelarias e as restricións cuantitativas ao comercio entre dous ou máis países que ao mesmo tempo adoptan un arancel común cara a terceiros países.
- **Mercado común:** forma de integración económica que engade á unión aduaneira a libre circulación dos bens e dos factores produtivos entre os países que a conforman.
- **Unión económica e monetaria:** fase máis avanzada da integración económica, que implica un mercado común e ademais unha política monetaria común e a coordinación das políticas económicas dos países que a conforman.
- **Unión Europea (UE):** Proceso de integración económica rexional de Europa iniciado polo Tratado de Roma (1957), constituíndo o proceso de integración económica máis avanzado.
- **Tratado de Libre Comercio da América do Norte (NAFTA, TLCAN):** área de libre comercio rexional entre Canadá, México e Estados Unidos asinado en 1992.
- **Mercado Común do Sur (MERCOSUR):** mercado común de países de América do Sur asinado en 1991.
- **Asociación de Nacións do Sueste Asiático (ASEAN):** fundada en 1967 é unha área de libre comercio entre países do sueste asiático.
- **Comunidade de Estados Latinoamericanos e Caribeños (CELAC):** organismo intergubernamental creado en 2010 para promover a integración e o desenvolvemento dos países latinoamericanos e caribeños.
- **Exportacións:** Venda de bens e servizos dun país ao estranxeiro.
- **Importacións:** Bens e servizos introducidos nun país mediante o comercio internacional.
- **Taxa de apertura:** cociente de exportación e importación entre o PIB dunha economía, medindo o peso do comercio exterior nesa economía.
- **Coefficiente de exportación:** cociente entre as exportacións e o PIB dunha economía.
- **Coefficiente de importación:** cociente entre as importacións e o PIB dunha economía.
- **Saldo comercial:** diferenza entre exportacións e importacións (saldo da balanza comercial).
- **Taxa de cobertura:** cociente entre o valor das exportacións e o valor das importacións, indicando qué porcentaxe de importacións poden cubrirse cos ingresos procedentes das exportacións.
- **Comercio interindustrial:** comercio entre países que se desenvolve a través do intercambio de produtos de industrias de distinta natureza.
- **Comercio intraindustrial:** comercio entre países que se desenvolve a través do intercambio de produtos de industrias da mesma natureza.
- **Investimento Estranxeiro Directo (IED):** investimento que se realiza nun país diferente ao de orixe para obter capacidade de decisión nunha empresa, establecendo con esta última unha relación de longo prazo. O criterio técnico establecido polo FMI considera IED aqueles que supoñan como mínimo o 10% da propiedade da empresa receptora; así como os reinvestimentos e/ou operacións entre empresas do mesmo grupo; así como os investimentos inmobiliarios no estranxeiro).
- **Investimentos en Carteira (IEC):** compravenda de accións que non constitúen IED, participación en fondos de investimento, bonos e obrigas, etc.; trátase de operacións a curto prazo, desvinculadas da actividade real.
- **Empresa multinacional ou transnacional:** empresa que realiza IED.
- **Investimento greenfield:** forma de IED que consiste na creación dunha nova empresa
- **Fusión:** unión de dúas ou máis empresas, antes independentes, para constituír unha nova empresa, na que integran os seus patrimonios e socios.

- **Absorción:** Adquisición dunha empresa por outra.
- **Empresa conxunta (Joint venture):** acordo entre dúas ou máis empresas de diferentes países para realizar un investimento conxunto de longo prazo, creando unha nova empresa.
- **Balanza de pagamentos:** documento contable que rexistra as transaccións reais e financeiras dunha economía co resto do mundo.

Sistema monetario e financeiro internacional

- **Sistema monetario:** conxunto de institucións, normas e instrumentos que serven para garantir o funcionamento do mercado monetario.
- **Divisa:** moeda dun país que é aceptada nos mercados internacionais, sendo convertible a outras moedas.
- **Mercado de divisas:** mercado internacional no que se intercambian divisas.
- **Taxa de cambio:** valor dunha moeda expresado en termos doutra.
- **Depreciación (apreciación):** perda (ganancia) no valor dunha moeda en termos doutra/s como consecuencia de cambios no mercado de divisas.
- **Devaluación (revaluación):** perda (ganancia) no valor dunha moeda en termos doutra/s como consecuencia da decisión da autoridade monetaria.
- **Sistema financeiro:** conxunto de institucións, entidades, intermediarios, instrumentos e mercados financeiros que captan o excedente dos aforradores e canalízanos cara aos demandantes de crédito.
- **Crise financeira:** manifestación financeira dunha crise económica, que pode ter orixe no propio sistema financeiro ou fóra del.
- **Crise cambiaria:** forte depreciación/desvalorización do valor da moeda.
- **Crise bancaria:** insolvencia ou risco de creba dunha parte importante do sistema financeiro.
- **Crise da débeda:** incapacidade para atender compromisos asumidos en divisas.

Institucións económicas internacionais

- **Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE):** organización de cooperación internacional, creada en 1961, co obxectivo de coordinar as políticas económicas e sociais dos países membros (países desenvolvidos).
- **Banco Mundial (BM):** organismo internacional creado en 1944 para contribuír ao desenvolvemento dos países subdesenvolvidos e a loita contra a pobreza, prestando asistencia técnica e financeira.
- **Fondo Monetario Internacional (FMI):** organismo internacional creado en 1944 co obxectivo de garantir a estabilidade do sistema monetario internacional e fomentar a cooperación monetaria internacional.
- **Organización Mundial do Comercio (OMC):** organismo internacional creado en 1995 para promover a apertura do comercio internacional e a resolución de conflitos en materia de comercio.
- **Organización das Nacións Unidas (ONU):** organización internacional fundada en 1945 para manter a paz e a seguridade internacional, fomentar as relacións de amizade entre as nacións e promover o progreso social, a mellora do nivel de vida e os dereitos humanos.
- **Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD):** organismo das Nacións Unidas en materia de desenvolvemento creado en 1965 para contribuír á mellora da calidade de vida das nacións.
- **Comisión Económica para América Latina e o Caribe (CEPAL):** organismo pertencente á ONU, creado en 1948 para contribuír ao desenvolvemento económico de América Latina.
- **Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO):** organismo especializado da ONU creado en 1945, centrado no obxectivo de erradicar a fame no mundo.